Examinado o convenio de colaboración entre a entidade "Ningures Producción, S.L.", e o Ilmo. Concello de Cangas, para a organización e desenvolvemento da Escola Municipal das Artes Escénicas de Cangas (Exercicio 2015).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o modelo do convenio de colaboración entre a entidade "Ningures Producción, S.L.", e o Ilmo. Concello de Cangas, para a organización e desenvolvemento da Escola Municipal das Artes Escénicas de Cangas (Exercicio 2015).

SEGUNDO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para a sinatura do convenio de referencia.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Concellería de Cultura e ao departamento de Intervención.

## **CONTRATACIÓN**

### **12º.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE 17 FOTOCOPIADORAS MEDIANTE RENTING**

Examinado o expediente de contratación de 17 fotocopiadoras mediante "renting".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, deixar sobre a mesa o presente asunto para mellor estudo.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) PROPOSTA DE SINALIZACIÓN EN RODEIRA, ZONA DA GARITA**

Examinada a proposta de sinalización en Rodeira, zona de Garita, así como o informe da Policía Local do día 17.07.15, que di:

*"Que en relación coa proposta de sinalización para garantir o acceso de vehículos de emerxencias á zona da Garita 'Praia dos Alemáns', deberían colocarse os sinais que constan no plano que se achega, incluída a zona de exclusión para o cambio de sentido dos vehículos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta e o informe transcrito.

## **B) SOLICITUDES DE PRAZA RESERVADA PARA DISCAPACITADOS**

Examinado o escrito presentado o día 8.7.15 por A L. G., no que se solicita o pintado de praza reservada para discapacitados.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, o día 15.7.15, acorda autorizar o pintado de praza reservada para discapacitados, na rúa Concepción Arenal, nº 39-Cangas, ao seguinte solicitante, FACENDO CONSTAR QUE O SEU USO SERÁ DE CARÁCTER PÚBLICO PARA TODAS AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

<b>NOME</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
A. L. G.	Rúa Concepción Arenal, nº 39-Cangas

## **C) SOLICITUDE DE PINTADO E SINALIZACIÓN DE PROHIBIDO NA RÚA CANCELO, Nº 2-PINTÉNS**

Examinado o escrito presentado o día 29.6.15 por D. L. S., no que solicita o pintado en varios puntos e sinal de prohibido estacionar en zona de Pinténs.

Visto o informe da Policía Local do día 26.06.15, que é como segue:

*"Por parte desta Policía non existe inconveniente en que se pinte de amarelo a entrada do garaxe, pero non o sinal enfrente do seu portal, posto que xa está prohibido estacionar en toda a rúa."*

Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente o informe da Policía Local transcrito, e na súa consecuencia aprobar o pintado da liña amarela na entrada do garaxe.

## **D) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN "MORRAZICA" DE AUTORIZACIÓN E EQUIPAMENTO PARA A REALIZACIÓN DO EVENTO "Gº KANEKAS"**

Examinado o escrito presentado o día 17.06.15 pola Asociación "Morrazica", para autorización de uso do palco sito detrás do concello, así como, o quipamento material e sanitario.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda autorizar o uso do palco e do equipamento solicitado, luz, auga, e vallas, agás o equipamento sanitario portátil co que non conta o concello.

## **E) SOLICITUDE PRESENTADA POR M. G. N. S/AUTORIZACIÓN E EQUIPAMENTO PARA ACTUACIÓN NO ATRIO DA EX-COLEXIATA DE CANGAS**

Examinado o escrito presentado o día 13.07.15, por M. G. N., presidente da Asociación Músico Vocal "NI FU NI FA", para autorización de actuación o vindeiro día 24 de xullo ás 23,00 horas no atrio da Ex- Colexiata de Cangas, polo que solicitan o corte de tráfico, iluminación de palco e megafonía.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda autorizar o citado evento cos medios solicitados e 400 cadeiras.

## **F) APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS, ECONÓMICAS E TÉCNICAS QUE REXERAN A LICITACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO, SEN PUBLICIDADE, DO CONTRATO PRIVADO DE PATROCINIO PARA A PROMOCIÓN DO RECINTO FEIRAL DAS NAVES DE OJEA DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO CONCELLO DE CANGAS "FESTAS DO CRISTO 2015"**

Examinado o prego de condicións administrativas, económicas e técnicas que rexerán a licitación, mediante procedemento negociado, sen publicidade, do contrato privado de patrocinio para a promoción do recinto feiral das Naves de Ojea durante as Festas Patronais do Concello de Cangas "Festas do Cristo 2015", que é como segue:

*"PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS, ECONÓMICAS E TÉCNICAS QUE REXERÁN A LICITACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DO CONTRATO PRIVADO DE PATROCINIO PARA A PROMOCIÓN DO RECINTO FEIRAL DAS NAVES DE OJEA DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO CONCELLO DE CANGAS, 'FESTAS DO CRISTO 2015'*

### *CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO*

*O presente prego ten por obxecto regular o procedemento de adxudicación e o contido do contrato privado de patrocinio para a promoción do recinto feiral das Naves de Ojea durante as festas patronais do Concello de Cangas, 'Festas do Cristo 2015'.*

### *CLÁUSULA 2ª.- RÉXIME XURÍDICO*

*O contrato de patrocinio aparece regulado na Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade, concretamente no seu artigo 22, segundo o cal "o contrato de patrocinio publicitario é aquel polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica cultural, científica ou doutra índole, se compromete a colaborar na publicidade do patrocinador".*



*O presente contrato ten carácter privado segundo o disposto no artigo 20 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF) e polo tanto rexerese en canto á súa preparación e adxudicación polo TRLCSF, e en canto os seus efectos, cumprimento e extinción polas normas de dereito privado.*

### *CLÁUSULA 3ª.- FUNDAMENTO*

*Este concello quere promocionar como centro neurálxico das súas festas patronais o recinto situado entre a casa consistorial e as naves de Ojea, coa instalación dunhas carpas/jaimas que posteriormente ofertará en réxime de concorrencia ós hostaleiros. Para conseguir a infraestrutura necesaria, este Concello considera como fórmula máis axeitada a celebración dun contrato de patrocinio considerando este como achegas que de forma voluntaria, efectúen as persoas físicas ou xurídicas para a realización da actividade descrita na cláusula 1ª.*

### *CLÁUSULA 4ª.- CONTIDO DO PATROCINIO*

*As formas de patrocinio poderán consistir en:*

- Achegas económicas, contribuíndo ós gastos da actividade patrocinada*
- Achega de material necesario para a actividade.*
- Cesión de bens mobles*

*O contido do patrocinio concretarase no documento que asinarán o patrocinador (adxudicatario deste contrato) e o patrocinado (Concello de Cangas) segundo o que resulte da oferta do licitador e da propia negociación que se realizará segundo o disposto neste prego.*

*En todo caso, a empresa que resulte adxudicataria deste contrato, en consecuencia o patrocinador, quedará obrigada a subministrar ó Concello a infraestrutura que a continuación se indica durante Festas do Cristo 2015, cuxo inicio está previsto para o día 26 de agosto e remate o 6 de setembro.*

- Instalar 14 carpas de 5m x 5m*
- Instalar 2 carpas de 6m x 3m*
- Cada carpa deberá dispoñer da instalación eléctrica necesaria para ter un punto de luz e dous enchufes.*
- Dotar a cada unha das 14 carpas de 3 barras e 2 neveiras de 1m.*

*Na oferta que presente o licitador deberá facer constar expresamente que se obriga a dotar ó Concello de Cangas da infraestrutura antes descrita, en caso contrario, será excluído da licitación e non se procederá á valoración da súa oferta nin entrará na fase de negociación.*

*Pola súa banda, o patrocinador terá dereito a publicitarse como patrocinador oficial do citado recinto feiral disfrutando así da notoriedade e repercusión da actividade que realiza o patrocinado, co fin de incrementar entre o público o*

*coñecemento e publicidade da súa marca e favorecer a súa imaxe. Así mesmo, o patrocinador terá a exclusiva na venda da súa marca, xa que os hostaleiros que finalmente se instalen en cada unha das carpas quedarán obrigados a vender a marca do patrocinador. O Concello comprométese a que o patrocinador conste como tal en toda a publicidade que faga das festas.*

#### **CLÁUSULA 5ª.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E EXISTENCIA DE CRÉDITO**

*Este contrato non necesita de consignación orzamentaria xa que non supón ningún custe para o Concello. En caso de que o patrocinio leve consigo achegas económicas, estas terán a consideración e natureza de ingreso non tributario de dereito Privado, de acordo co artigo 43 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril.*

#### **CLÁUSULA 6ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

*Poderán concorrer a esta licitación por si ou por medio de representantes autorizados, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que ademais non se atopen incursas nunha prohibición de contratar (art. 60-TRLCSP), e acrediten a súa solvencia económica e financeira, e técnica ou profesional.*

#### **CLÁUSULA 7ª.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

*O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local por delegación do Alcalde (Decreto 2.07.2015) e polo tanto ten a facultade para adxudicar este contrato e en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do empresario á súa impugnación ante a Xurisdición competente.*

#### **CLÁUSULA 8ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE E PERFIL DO CONTRATANTE**

*8.1.- Este prego xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello de Cangas (oficina de Apoio Xurídico), ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.*

*8.2.- Esta licitación publicarase no Perfil do Contratante. O acceso público efectuarase a través do portal da Web do Concello de Cangas ). No Perfil do Contratante do órgano de contratación, publicarase os PCAP, PPT, así como a adxudicación do contrato e calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co establecido no artigo 53 do TRLCSP.*

## *II.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN*

### *CLÁUSULA 9ª.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN*

*O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade en aplicación dos artigos 169, 171, 177.2, 176, e 178 do TRLCSP, debendo solicitar ofertas polo menos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que elo fose posible.*

*A tramitación do expediente poderá ser:*

- Ordinaria, conforme o disposto no artigo 109-TRLCSP*
- Urxente, segundo o previsto no artigo 112-TRLCSP; neste caso deberá constar no expediente a resolución pola que se declara e motiva esta clase de tramitación. A tramitación urxente suporá a redución de prazos na forma sinalada nos artigos 112 e 144 do TRLCSP.*

### *CLÁUSULA 10ª.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DOCUMENTACIÓN*

*10.1.- PRAZO: O prazo para que os licitadores acheguen ás súas ofertas será de 5 días naturais contados dende o seguinte ó da recepción da invitación para participar no procedemento.*

*10.2.- LUGAR: As proposicións dos licitadores presentaranse no Rexistro Xeral do Concello sito na Avda. Castelao n.º 2 de Cangas, en horario de luns a venres de 9:30 a 13:30.*

*As proposicións presentaranse unicamente no lugar indicado no parágrafo anterior, sen que sexa válida a presentación noutros rexistros ou dependencias municipais, ou de outras Administracións Públicas (art. 80.2-RXLCAP).*

*Tamén poderán remitirse por correo; neste caso, de conformidade co sinalado no artigo 84-RXLCAP, o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación o mesmo día no que se presente, mediante fax ao número 986.304.850, a remisión da súa proposta. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a solicitude. Non obstante, transcorridos dez días naturais desde a indicada data, sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso (art. 80.4-RXLCAP).*

*10.3.- FORMA DE PRESENTACIÓN: Os contratistas interesados na licitación deberán presentar DOUS sobres distintos, nos que se escribirá de forma lexible e visible, no exterior dos mesmos, os seguintes datos:*

- "Sobre A: Documentación Administrativa" ou "Sobre B: Oferta Económica"*

- *Denominación do contrato: «Oferta para participar na licitación do contrato privado de patrocinio do recinto feiral das Festas do Cristo 2015 do Concello de Cangas».*
  - *Nome e apelidos do licitador, ou no seu caso, denominación social e nome e apelidos do representante que presenta a oferta.*
  - *CIF da entidade*
  - *Enderezo, teléfono, fax e correo electrónico aos efectos de notificacións.*
  - *Os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, deberán facer constar o número de inscrición.*
- 10.4.- DOCUMENTACIÓN:**

*SOBRE «A»:* DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA: este sobre deberá incluír:

- *Declaración responsable subscrita pola persoa que firme a proposición, de acordo co modelo que consta como Anexo I deste prego. Este modelo pode descargarse en formato .pdf na web do Concello de Cangas [www.cangas.org](http://www.cangas.org).*
- *Copia compulsada do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso (ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros), da persoa que asine a oferta.*

*SOBRE «B»:* OFERTA ECONÓMICA

- *A oferta económica presentarse conforme ao modelo que consta no Anexo II deste prego.*
- *Neste Sobre B o licitador poderá incluír documentación relativa ás melloras ofertadas (descrición da actuación musical proposta, caché da mesma, proposta de decoración escenario, etc).*

**CLÁUSULA 11ª.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

*Para a adxudicación do contrato teranse en conta os seguintes criterios:*

- **11.1.- Canon ofertado.....Ata 60 puntos.**

*Valorarase que o licitador ofrezca unha cantidade económica que non poderá ser inferior a 600 €; outorgarase a maior puntuación ó licitador que ofrezca a cantidade máis alto, e ó resto de ofertas a que lle corresponda proporcionalmente mediante a aplicación dunha regra de tres simple directa.*

- **11.2.- Melloras ofertadas sen custe adicional.....Ata 40 puntos.**

*Os licitadores poderán ofertar as seguintes melloras:*

- o *Actuación musical dun grupo ou solista sen custe para o concello.....20 puntos.*
- o *Decoración do escenario instalado no recinto feiral.....10 puntos.*

*o Subministración de material para os adxudicatarios das 14 carpas/jaimas.....10 puntos.*

*Estas melloras, constitúen a materia obxecto de negociación.*

#### *CLÁUSULA 11ª.- MESA DE CONTRATACIÓN*

*A Mesa de Contratación será o órgano administrativo que cualificará os documentos e ofertas achegadas e estará composta por:*

*Presidente: Alcalde*

*Vocais: Secretaría Xeral*

*Interventora Municipal*

*Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística*

*Concelleiro de Mocidade e Voluntariado*

*Concelleira de Participación Veciñal, Transparencia e*

*Asociacionismo*

*Secretaria: Técnico de Administración Xeral*

*A mesa de contratación, previa convocatoria procederá en acto público, á apertura das proposicións elevando a acta con proposta de adxudicación ao órgano de contratación que teña que efectuar a adxudicación do contrato.*

#### *CLÁUSULA 12ª.- APERTURA DE OFERTAS*

*Os membros da mesa reuniranse previa convocatoria que se publicará coa debida antelación no perfil do contratante. Este acto será público e poderán estar presentes os licitadores persoalmente ou por medio de representantes autorizados.*

*Unha vez abertas as ofertas e comprobado que cumpren cos requisitos mínimos (compromiso expreso de subministrar a infraestrutura descrita na cláusula 4º deste prego), puntuarase automaticamente o canon ofertado, e acto seguido valoraranse as melloras ofertadas.*

#### *CLÁUSULA 13ª.- FASE DE NEGOCIACIÓN COS LICITADORES*

*Unha vez avaliadas as ofertas, os membros da mesa decidirán si existe unha oferta claramente máis vantaxosa que o resto das presentadas, en cuxo caso elaborará a correspondente proposta de adxudicación que elevará ó Órgano de contratación.*

*En caso de considerar que entre as ofertas achegadas non existe unha que sexa claramente máis vantaxosa que as demais, os membros da mesa poderán iniciar unha fase de negociación cos distintos licitadores co fin de mellorar as súas ofertas. Esta negociación tan só poderá versar sobre as materias*

*puntuables como melloras descritas na cláusula 11<sup>o</sup> deste prego. En todo caso, o órgano de contratación reservase o dereito de aceptar ou non as proposicións ofertadas como melloras.*

*Rematada as negociacións cos distintos licitadoras, a Mesa de Contratación elaborará a correspondente PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN que elevará ó órgano de contratación.*

#### *CLÁUSULA 14<sup>a</sup>- REQUIRIMENTO PREVIO Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO*

*Recibida a proposta de adxudicación realizada pola Mesa de Contratación, o órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego e do resultado da negociación, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.*

*O órgano de contratación requirirá á empresa coa oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 5 días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:*

- Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatais e autonómica) e coa Seguridade Social.*
- Copia compulsada notarial ou administrativamente da escritura de poder de representación, ou no seu caso, das escrituras notariais de constituicións ou modificación estatutarias ou elevación dea cordos sociais, onde conste que está habilitado para concorrer á celebración de contratos coas Administracións Públicas.*

#### *CLÁUSULA 15<sup>a</sup>- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN*

##### *15.1.- ADXUDICACIÓN:*

*Recibida a documentación requirida, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato de patrocinio dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación (art. 151.3-TRLCSP). A adxudicación acordarase en resolución motivada que deberá notificarse aos licitadores e simultaneamente publicarase no Perfil do Contratante do órgano de contratación indicando o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ó artigo 156.3 (art. 151.4-TRLCSP).*

*A notificación deberá conter en todo caso a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra o acordo de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:*

- *En relación aos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimara a súa candidatura.*
- *Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.*
- *En todo caso o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición que foran determinantes para resultar seleccionada por diante das demais.*

*En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren neste prego.*

#### **15.2.- FORMALIZACIÓN:**

*O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, da negociación realizada e das condicións definitorias da adxudicación.*

#### **CLÁUSULA 16ª.- SUCESIÓN NA PERSOA DO CONTRATISTA**

*A sucesión na persoa do contratista tan só se poderá producir en caso de que non se altere substancialmente a actividade patrocinada, xa que esta constitúe un elemento esencial do contrato.*

#### **CLÁUSULA 17ª.- XURISDICCIÓN COMPETENTE**

*O presente contrato é de carácter privado, o que determina que tanto os licitadores como os adxudicatarios do contrato renuncian a calquera outro fuero que puidera corresponderlle quedando suxeitos aos tribunais da orde xurisdiccional civil competente para o Concello de Cangas. Non obstante, considéranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa preparación e adxudicación do contrato e en consecuencia poderán ser impugnados ante a xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao artigo 21-TRLRSP.*

#### **ANEXO I (modelo de "DECLARACIÓN RESPONSABLE")**

#### **ANEXO II**

#### **MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA**

*D/....., co D.N.I. nº:.....; actuando en nome propio / en representación da entidade.....; con enderezo a efectos de notificacións en ....., tendo coñecemento do procedemento tramitado polo Concello de Cangas para celebración do CONTRATO PRIVADO DE PATROCINIO DO RECINTO FEIRAL DAS FESTAS DO CRISTO 2015 DO CONCELLO DE CANGAS, fai constar expresamente que:*

1. *Acepta tomar parte na licitación do indicado concurso de acordo coas condicións previstas polo Concello de Cangas.*

2. *Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas, económicas e técnicas que rexen a contratación, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos nos documentos indicados, sen excepción ningunha.*

3. *Comprométese á execución do patrocinio nas seguintes condicións:*

a) *Subministrar ó Concello de Cangas a infraestrutura que a continuación se indica durante as Festas do Cristo 2015, cuxo inicio está previsto para o día 26 de agosto e remate o 6 de setembro:*

*-14 carpas/jaimas de 5m x 5m*

*- 2 carpas/jaimas de 6m x 3m*

*- Cada unha das carpas/jaimas deberá dispoñer da instalación eléctrica necesaria para ter un punto de luz e dous enchufes.*

*- Dotar a cada unha das 14 carpas de 3 barras e 2 neveiras de 1m.*

*- Esta subministración conleva a instalación, traslado, montaxe e desmontaxe das carpas/jaimas asumindo o patrocinador tódolos gastos de traslado, montaxe, laborais, etc.*

b) *Oferta canon..... ?SI ?NON En caso afirmativo indicar IMPORTE (en número e letra)*

c) *Actuación musical dun grupo ou solista..... ?SI ?NON*

d) *Decoración do escenario instalado no recinto feiral..... ?SI ?NON*

e) *Subministración de material para os adxudicatarios das 14 carpas/jaimas..... ?SI ?NON*

4. *Comprometese e obrigase expresamente a presentar no Rexistro Xeral do Concello e dentro do prazo establecido neste prego, a documentación para adxudicación definitiva.*

*(LUGAR E DATA).*

*O LICITADOR*

*(Sinatura do representante legal e soo da empresa)*

*DILIXENCIA.- Esténdoa eu, como Secretaria Xeral, para facer constar que o presente prego que consta de 10 páxinas esta incluída, todas elas rubricadas por min e seladas co selo da Secretaría deste Concello, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 20.07.2015."*



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente o prego de condicións administrativas, económicas e técnicas que rexeran a licitación, mediante procedemento negociado, sen publicidade, do contrato privado de patrocinio para a promoción do recinto feiral das naves de Ojea durante as festas patronais do Concello de Cangas "Festas do Cristo-2015."

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente